



**CONTA XERAL**

**2023**

---

**INFORME DE XESTIÓN**

Informe sobre a xestión dos recursos  
económicos

# Índice

PRESENTACIÓN .....	3
1. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO .....	5
1. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO ANO 2023 .....	6
2. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS .....	9
2. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS.....	10
INGRESOS DE EXERCICIOS ANTERIORES .....	12
CAPÍTULO III: PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS.....	13
CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES .....	17
CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS .....	19
CAPÍTULO VI. ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS .....	19
CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL .....	20
CAPÍTULO VIII. VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCIEROS .....	22
CAPÍTULO IX. VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCIEROS .....	23
3. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS .....	24
3. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS .....	25
CAPÍTULO I. GASTOS DE PERSONAL.....	29
CAPÍTULO II. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS.....	31
CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES .....	34
CAPÍTULO VI. INVESTIMENTOS REAIS .....	35
CAPÍTULO VIII. VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCIEROS .....	37
CAPÍTULO IX. VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCIEROS .....	37
COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA 2023.....	38
PAGAMENTOS DE EXERCICIOS PECHADOS.....	39
4. RESULTADOS ORZAMENTARIOS .....	40
4. RESULTADOS ORZAMENTARIOS .....	41
ESTADO DA TESOURARÍA .....	41
ESTADO DO REMANENTE DE TESOURARÍA .....	41
RESULTADOS .....	43
5. ACTIVIDADE DE I+D+i .....	44
5.1. RECURSOS CAPTADOS POR ACTIVIDADES DE I+D .....	45

5.2. COMPENSACIÓN DE CUSTOS INDIRECTOS .....	48
5.3. REINTEGRO DE FONDOS .....	49
<b>6. POSGRAO .....</b>	<b>50</b>
6.1. ACTIVIDADES DE POSGRAO E ALUMNADO .....	51
6.2. DATOS ECONÓMICOS DE POSGRAO PROPIO .....	52
<b>7. CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA .....</b>	<b>53</b>
7.1 INTRODUCCIÓN .....	54
7.2 EXPEDIENTES LICITADOS NO EXERCICIO 2023. RESUMO.....	55
7.3 EXPEDIENTES LICITADOS NO EXERCICIO 2023. DETALLE .....	56
<b>8. INVENTARIO DE BENS MOBLES E INMOBLES .....</b>	<b>61</b>
8.1 INTRODUCCIÓN .....	62
8.2 VALORES EN INVENTARIO .....	62
8.3 RELACIÓN VALORADA DO INVENTARIO DE BENS INMOBLES .....	63
<b>9. INFORME EXECUTIVO CONTABILIDADE ANALÍTICA ..</b>	<b>69</b>
9.1 CONTABILIDADE ANALÍTICA. INTRODUCCIÓN.....	70
9.1.1 PROCESO XERAL DE FORMACIÓN DE CUSTOS.....	71
9.1.2 CUSTOS DE PERSONAL .....	71
9.2 RESULTADOS DE ACTIVIDADES. EXERCICIO 2023.....	73
9.2.1 ACTIVIDADE GLOBAL DA UNIVERSIDADE.....	73
9.2.2 ACTIVIDADES FINALISTAS .....	74
<b>10. OUTRA INFORMACIÓN ECONÓMICA.....</b>	<b>82</b>
10.1 PLAN GALEGO DE FINANCIAMENTO UNIVERSITARIO .....	83
10.2 SITUACIÓN DO IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO.....	83
<b>11. ANEXOS .....</b>	<b>85</b>
11. ANEXOS.....	86
Anexo 1: Gastos correntes executados polos centros con cargo aos seus créditos.....	87
Anexo 2: Investimentos executados polos centros docentes .....	88
Anexo 3: Gastos executados polos departamentos .....	89
Anexo 4: Gastos de funcionamento executados institutos universitarios .....	91

Anexo 5: Gastos de actividades de I+D executados polos institutos universitarios .....	91
Anexo 6: Gastos executados en centros singulares .....	92
Anexo 7: Operacións de gasto en I+D+i por centro orgánico.....	93
.....	93
Anexo 8: Operacións de gasto en I+D+i por tipo de actividade.....	95
Anexo 9: Compoñentes estruturais dos gastos correntes da USC .....	98
Anexo 10: Evolución do número de alumnos e créditos matriculados .....	99

## PRESENTACIÓN

De acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (en diante, USC), aprobados mediante Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, as contas anuais desta institución educativa reflectirán a xestión económica e financeira referida ao exercicio económico de que se trate (artigo 176).

Ademais do que son propiamente os aspectos contables das contas públicas, que remiten ás previsións do vixente Plan Xeral de Contabilidade Pública do ano 2010, modificado pola Orde HAC/820/2021, do 9 de xullo, tanto na citada norma estatutaria como no Regulamento xeral de xestión orzamentaria da USC, aprobado polo Consello de Goberno do 29 de decembro de 2020, faise mención expresa dunha serie de documentos e informes que conforman todos eles a Conta xeral da Universidade (artigo 61). En canto aos primeiros destacan, entre outros, a conta de resultados, o balance de situación ou a memoria relativa ás contas anuais. Sobre os informes diferénciase o relativo á contabilidade analítica e o que dá conta da xestión realizada dos recursos económicos, que é propiamente o obxecto e finalidade do presente documento.

Tanto a documentación como os informes indicados constitúen unha unidade e deben redactarse con claridade para mostrar a imaxe fiel do patrimonio, a situación financeira, do resultado económico e patrimonial e da execución do orzamento.

Este informe sobre a xestión dos recursos económicos ten como obxectivo poñer en coñecemento da comunidade universitaria e, en última instancia, da sociedade aqueles aspectos ou datos más relevantes desde o punto de vista da xestión orzamentaria e financeira desenvolvida pola institución.

Para unha visión temporal con carácter xeral inclúense datos comparativos dos catro exercicios precedentes (2019 a 2022) e en determinados casos para unha mellor comprensión da liña temporal a comparación realizase dende o ano 2015.

A estrutura do informe, co fin de dar cumprimento á súa finalidade de transmisión en termos comprensibles dos aspectos e datos más destacables da actividade económico-financeira da USC, divídese nos seguintes apartados:

1. Liquidación xeral do orzamento: ofrece unha información básica sobre a liquidación comparativa dos orzamentos de ingresos e gastos.
2. Liquidación do orzamento de ingresos: analízase en detalle o comportamento das partidas do orzamento de ingresos, tratando de mostrar sempre unha información que permita contrastala con exercicios anteriores.

3. Liquidación do orzamento de gastos: examínanse os diferentes capítulos de gasto, incluíndo ademais os gastos e ingresos da Comisión Interuniversitaria de Galicia 2023.
4. Resultados orzamentarios: procúrase dar unha información que, sen apartarse do rigor contable, sexa á súa vez comprensible e ilustrativa sobre os resultados do exercicio.
5. Actividade de I+D+i: ofrece datos sobre a evolución dos recursos económicos captados nos últimos anos, así como unha agrupación por tipos de actividade e procedencia dos ingresos referidos a aquelas vixentes no exercicio.
6. Actividades de posgrao: refírese a información económica básica e de número de actividades relacionadas coas de posgrao propias.
7. Contratación administrativa: contén un resumo da contratación administrativa levada a cabo, que se recolle de forma más completa na Memoria das contas.
8. Inventario de bens móbiles e inmóveis: recolle os datos relativos aos inventarios de bens móbiles e inmóveis titularidade da USC, coa inclusión da valoración correspondente.
9. Resumo da contabilidade analítica: consiste nun resumo descriptivo do Informe de contabilidade analítica, que como se dixo forma parte igualmente da Conta xeral da USC.
10. Outra información económica de interese
11. Anexos relativos ao resumo de gastos executados polos centros, departamentos e outras estruturas de docencia e investigación, ás componen tes estruturais dos gastos correntes da USC e á evolución do número de alumnos e créditos matriculados.

## **1. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO**

## 1. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO ANO 2023

Para comezar a análise na seguinte táboa recóllese os datos da liquidación do orzamento de ingresos e gastos a nivel de capítulo. Para estes efectos os datos que se ofrecen son os dereitos recoñecidos (ingresos) e as obrigas contraídas no exercicio (gastos), con independencia das datas efectivas dos cobros e pagamentos, respectivamente.

CAPÍTULO	DEREITOS RECOÑECIDOS
III. Prezos públicos e outros ingresos	34.562.546
IV. Transferencias correntes	158.259.943
V. Ingresos patrimoniais	843.711
VI. Alleamento de investimentos reais	
VII. Transferencias de capital	108.690.206
VIII. Activos financeiros	0
IX. Pasivos financeiros	21.002.330
<b>TOTAL DEREITOS RECOÑECIDOS</b>	<b>323.358.735,85</b>


Cadro 1

CAPÍTULO	OBRIGAS CONTRAÍDAS
I. Gastos de persoal	172.904.120
II. Gastos en bens correntes e servizos	30.539.936
III. Gastos financeiros	763.278
IV. Transferencias correntes	4.926.323
V. Fondo de imprevistos e de continxencia	0
VI. Investimentos reais	84.701.907
VIII. Variación de activos financeiros	194.122
IX. Variación de pasivos financeiros	8.218.933
<b>TOTAL OBRIGAS CONTRAÍDAS</b>	<b>302.248.618,61</b>

Cadro 2

Con estos datos obsérvase un superávit orzamentario de 21,11 millóns de euros. Este elevado superávit deriva principalmente dos proxectos de investigación financiados con fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Cómpre indicar que o resultado non financeiro (excluíndo os activos e pasivos financeiros) ascende a un superávit de 8,52 millóns de euros.

Na seguinte gráfica obsérvase a liña que seguen os ingresos e gastos e o resultado orzamentario dende o ano 2015.



Cadro 3



Cadro 4

Os datos más relevantes do exercicio son os seguintes:

- En relación coas persoas, destaca:

- A aprobación na normativa básica dun incremento retributivo para o persoal do sector público con efectos do 1 de xaneiro de 2023 o que supuxo un maior gasto por importe de 4,1 millóns de euros no exercicio.

- Aprobación do Acordo para o desenvolvemento do sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa do persoal funcionario e para o establecemento do complemento de desempeño do persoal laboral no ámbito do persoal de administración e servizos da Universidade de Santiago de Compostela e que ascendeu a 0,7 millóns de euros. - A convocatoria de axudas para a manutención do alumnado (o gasto ascendeu a 303 mil euros)

En materia de investigación destaca:

- A capacidade de captación de fondos para I+D+i por parte do persoal investigador e das estruturas de investigación da USC que continúa coa tendencia alcista dos últimos exercicios, acadando no ano 2023 un importe de 94,62 millóns, o que supón 15 millóns más que no exercicio anterior.

- A formalización por importe de 5,3 millóns correspondentes a gastos realizados durante o ano 2023 en partidas financiadas con fondos MRR cando os ingresos xa foron recibidos en anos anteriores. Esta formalización supón que os ingresos contabilizados como pasivos financeiros en anos anteriores (capítulo 9) pasan a ingreso non financeiro (capítulo 7), compensando o gasto non financeiro realizado e obedece a criterios contables da Comunidade Autónoma na execución de proxectos financiados polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

En materia económico-patrimonial destaca:

- A achega do Ministerio de Sanidade para o financiamento do incremento das prazas de grao de Medicina por importe 3,27 millóns e que se destinarán á mellor do edificio de San Francisco.
- A formalización pola venda do edificio de Galeras tras a tramitación do pagamento pendente por importe de 0,17 millóns de euros.
- A licitación de expedientes por un valor total de 36 millóns de euros, entre os que destacan 1,5 millóns destinados a melloras da eficiencia enerxética: reposición de cubertas en varios edificios do Campus Vida, a substitución de iluminación convencional por LED e instalación de paneis de enerxía fotovoltaica, continuando co desenvolvemento do Plan de Estratexia Enerxética.

Por último, en materia fiscal e contable destaca:

- A situación do Imposto sobre o valor engadido en relación as liquidacións dos anos 2018 a 2023 -pendentes de sentenza, reclamación ou inspección- que supoñen un importe pendente de ingreso de 11,68 millóns.
- En relación coa recadación, a pesar de que a cifra de dereitos recoñecidos pendentes de cobro a 31/12/23 ascende a 46,10 millóns de euros -o 14,26% de todos os dereitos recoñecidos- non se produciron tensións de tesouraría durante o exercicio.

## **2. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS**

## 2. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

No ano 2023, tal e como se observa no seguinte cadro, os ingresos manteñen a liña ascendente dos últimos exercicios (excluíndo o ano 2020 no que foron inferiores por mor da pandemia Covid).

Capítulo	2019	2020	2021	2022	2023
III. Prezos públicos e outros ingresos	37.130.604	32.183.859	33.325.592	34.414.116	34.562.546
IV. Transferencias correntes	145.128.159	151.137.243	145.247.030	153.560.770	158.259.943
V. Ingresos patrimoniais	620.196	348.001	405.335	873.413	843.711
VI. Alleamento investimentos reais	1.079.342	0	0	0	0
VII. Transferencias de capital	65.994.435	62.546.671	91.770.622	89.907.982	108.690.206
VIII. Variación activos financeiros	0	0	0	0	0
IX. Variación de pasivos financeiros	5.018.421	309.903	2.062	11.830.617	21.002.330
<b>TOTAIS</b>	<b>254.971.157</b>	<b>246.525.677</b>	<b>270.750.640</b>	<b>290.586.899</b>	<b>323.358.736</b>

Cadro 5

No cadro seguinte indícanse os dereitos recoñecidos por capítulos, fronte ás previsións iniciais (orzamento inicial) e as previsións definitivas. Tamén se ofrece información dos dereitos efectivamente cobrados no exercicio 2023.

Capítulo	Previsións iniciais	Previsións definitivas	Dereitos recoñecidos netos	Recadación neta	Dereitos pendentes de cobro
III. Prezos públicos e outros ingresos	34.811.500,00	36.705.982,98	34.562.546,10	28.637.781,77	5.924.764,33
IV. Transferencias correntes	155.576.177,00	159.064.408,07	158.259.943,17	157.595.586,29	664.356,88
V. Ingresos Patrimoniais	669.600,00	703.655,38	843.710,84	723.624,17	120.086,67
VI.-Alleamento de investimentos reais		-	-	-	-
VII. Transferencias de capital	96.833.322,00	147.028.577,99	108.690.205,83	74.228.195,28	34.462.010,55
VIII.Variación de Activos Financeiros		46.287.794,73	-	-	-
IX. Variación de Pasivos Financeiros		1.984.776,81	21.002.329,91	16.070.006,58	4.932.323,33
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>287.890.599,00</b>	<b>391.775.195,96</b>	<b>323.358.735,85</b>	<b>277.255.194,09</b>	<b>46.103.541,76</b>

Cadro 6

Como pode observarse no cadro anterior, as previsións definitivas de ingresos superaron as previsións iniciais en 103,88 millóns de euros. Esta diferenza deriva de ingresos non previstos (56,03 millóns), dos remanentes incorporados do exercicio anterior (46,28 millóns) e da facturación interna (1,56 millóns).

O principal incremento nos dereitos recoñecidos reflíctese no capítulo VII e no capítulo IX por mor dos fondos recibidos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) que ascenderon a 24,89 millóns.

De forma similar a exercicios anteriores as transferencias correntes e as transferencias de capital son a principal fonte de ingresos.

No cadro seguinte figuran as porcentaxes que cada fonte de financiamento representa sobre o conxunto dos ingresos da USC no período 2015-2023.

O importe das “transferencias correntes” representa no período analizado a maior fonte de recursos situándose no promedio do 56,08%. Os prezos públicos seguen unha tendencia á baixa, sitúanse no 10,69% bastante lonxe do promedio do 14,24%.

Capítulo	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
III. Prezos públicos e outros ingresos	15,75	16,40	15,88	15,38	14,56	13,05	12,31	11,84	10,69
IV. Transferencias correntes	57,52	54,28	57,96	56,42	56,92	61,31	53,65	52,85	48,94
V. Ingresos patrimoniais	0,24	0,25	0,71	0,26	0,24	0,14	0,15	0,30	0,26
VI. Alleamento de investimentos reais	-	-	2,52	-	0,42	-	-	-	-
VII. Transferencias de capital	22,11	27,23	22,57	24,49	25,88	25,37	33,89	30,94	33,61
VIII. Variación activos financeiros	-	-	-	-	-	-	-	-	-
IX. Variación de pasivos financeiros	4,38	1,84	0,36	3,44	1,97	0,13	0,00	4,07	6,50

Cadro 7

En relación coa recadación, cómpre destacar que a cifra de dereitos recoñecidos pendentes de cobro a 31/12/23 ascende a 46,10 millóns de euros, que representa o 14,26% de todos os dereitos recoñecidos (15,80% no ano anterior). Pese ao elevado dese importe durante o exercicio non existiron tensións de tesouraría significativas.

Para complementar a información anterior, preséntanse os datos de ingresos recadados que corresponden a dereitos recoñecidos en exercicios anteriores (exercicios pechados) que ascenderon a un total de 44,8 millóns de euros.

Capítulo	Dereitos a cobrar netos	Dereitos recadados	Dereitos pendentes de cobro a 31/12/23
III. Prezos públicos e outros ingresos	11.148.137,62	9.117.702,93	2.030.434,69
IV. Transferencias correntes	2.510.575,60	2.027.555,73	483.019,87
V. Ingresos Patrimoniais	454.634,97	119.563,58	335.071,39
VI.-Alleamento de investimentos reais	29.341,50	29.341,50	0,00
VII. Transferencias de capital	42.265.830,32	33.507.044,74	8.758.785,58
IX. Variación de Pasivos Financeiros	81.592,00	0,00	81.592,00
<b>TOTAIS</b>	<b>56.490.112,01</b>	<b>44.801.208,48</b>	<b>11.688.903,53</b>

Cadro 8

No cadro seguinte preséntase de maneira conxunta toda a recadación (exercicio corrente e pechados) que supuxo un importe moi cercano ao total dos dereitos recoñecidos no exercicio e ofrécese información comparativa da evolución dos datos mencionados:

## Informe de xestión 2023

	2019	2020	2021	2022	2023
<b>Dereitos recoñecidos</b>	254.971.156,81	246.525.677,42	270.750.640,30	290.586.898,72	323.358.735,85
<b>Ingresado</b>	218.544.226,70	206.861.658,48	224.870.944,82	244.703.823,38	277.255.194,09
<b>% Ingresado</b>	85,71%	83,91%	83,05%	84,21%	85,74%
<b>Pendente de ingreso</b>	36.426.930,11	39.664.018,94	45.879.695,48	45.883.075,34	46.103.541,76
<b>% pendente de ingreso no ex.</b>	14,29%	16,09%	16,95%	15,79%	14,26%
<b>Ingresado exercicios pechados</b>	30.129.078,56	33.891.253,92	38.756.100,96	41.805.896,49	44.801.208,48
<b>Pendente ingreso ex. pechados</b>	8.773.421,35	10.563.484,14	9.445.495,45	12.461.510,14	11.688.903,53
<b>Total ingresado no ejercicio</b>	248.673.305,26	240.752.912,40	263.627.045,78	286.509.719,87	322.056.402,57
<b>% sobre dereitos recoñecidos</b>	97,53%	97,66%	97,37%	98,60%	99,60%

Cadro 9

### INGRESOS DE EXERCICIOS ANTERIORES

No seguinte cadro recóllese a evolución dos dereitos recoñecidos en exercicios anteriores, aqueles pendentes de cobro a 31 de decembro de 2023, e as operacións de anulación e cobros durante o exercicio.

Exercicio no que se recoñeceu o derecho	Dereitos pendentes de cobro a 31/12/2022	Rectificación de saldo	Ingresado en 2023	Dereitos anulados en 2023	Dereitos pendentes de cobro a 31/12/2023	% Ingresos sobre dereitos	% Ingresado + anulado sobre dereitos
2012	12.394,43		0,00	12.394,43	0,00	0,00%	100,00%
2013	68.724,01		0,00	37.438,54	31.285,47	0,00%	54,48%
2014	82.764,74		0,00	3.527,24	79.237,50	0,00%	4,26%
2015	23.460,33		0,00	262,78	23.197,55	0,00%	1,12%
2016	122.794,36		0,00	29.229,83	93.564,53	0,00%	23,80%
2017	445.736,43		0,00	205.019,07	240.717,36	0,00%	46,00%
2018	736.886,44		87.822,21	215.602,50	433.461,73	11,92%	41,18%
2019	2.130.614,33		626.993,95	187.214,77	1.316.405,61	29,43%	38,21%
2020	2.647.009,60		1.137.888,24	24.853,29	1.484.268,07	42,99%	43,93%
2021	6.191.125,47		3.209.568,52	83.473,34	2.898.083,59	51,84%	53,19%
2022	45.883.075,34	-867,77	39.738.935,56	1.054.589,89	5.088.682,12	86,61%	88,91%
<b>TOTAIS</b>	<b>58.344.585,48</b>	<b>-867,77</b>	<b>44.801.208,48</b>	<b>1.853.605,68</b>	<b>11.688.903,53</b>	<b>76,79%</b>	<b>79,96%</b>

Cadro 10

Analizamos a continuación para cada un dos capítulos, as diferenzas entre as previsións orzamentarias e os dereitos recoñecidos e os datos más salientables dos recursos obtidos.

### CAPÍTULO III: PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS.

Neste capítulo existen diferenzas significativas entre as previsións iniciais (34,81 millóns) as definitivas (36,70 millóns) e os dereitos recoñecidos (34,56 millóns).

Estas diferenzas derivan en primeiro lugar, da contabilización dos cargos internos como ingreso (esixencia da ferramenta contable SIC-3), o que supón 1,56 millóns. Estes importes non se consideran nas previsións iniciais.

No cadro seguinte figuran recollidos, por artigo orzamentario, os dereitos recoñecidos dende o ano 2019 ( consta de forma separada os ingresos por facturación interna, por ser un concepto que non representa recursos do exterior).

Artigo orzamentario	Dereitos recoñecidos 2019	Dereitos recoñecidos 2020	Dereitos recoñecidos 2021	Dereitos recoñecidos 2022	Dereitos recoñecidos 2023
31. Prezos públicos por servicios académicos	19.558.861,65	17.733.597,76	18.084.983,40	18.752.369,10	18.193.904,98
32. Prestación de servicios	14.612.751,90	11.989.268,74	12.945.955,00	13.401.960,04	13.733.217,71
33. Venda de bens	238.004,91	127.354,49	208.493,34	318.340,33	161.364,93
38. Reintegros	737.648,81	836.481,68	436.000,67	449.322,41	579.420,45
39. Outros ingresos diversos	589.859,76	376.913,04	362.660,05	497.101,28	330.300,40
<b>SUBTOTALS (SEN FACTURACIÓN INTERNA)</b>	<b>35.737.127,03</b>	<b>31.063.615,71</b>	<b>32.038.092,46</b>	<b>33.419.093,16</b>	<b>32.998.208,47</b>
34. Facturación interna	1.393.476,99	1.120.243,39	1.287.499,63	995.022,77	1.564.337,63
<b>TOTAIS CAPÍTULO III</b>	<b>37.130.604,02</b>	<b>32.183.859,10</b>	<b>33.325.592,09</b>	<b>34.414.115,93</b>	<b>34.562.546,10</b>

Cadro 11

Dentro de cada artigo do capítulo 3, indicamos algúns datos salientables:

#### ARTIGO 31. PREZOS PÚBLICOS.

Os dereitos recoñecidos por prezos públicos de estudos oficiais acadaron o importe de 18,19 millóns de euros, 1,72 millóns menos que as previsións definitivas (19,91 millóns de euros), e 558 mil menos que en 2022 ( ascenderan a 18,75 millóns).

O número de alumnos matriculados nos últimos cursos, como pode verse no anexo 10, tende a estabilizarse en cifras que oscilan entre os 24.500 e 25.000 estudiantes, considerando grao, máster e doutoramento. Esta mesma tendencia pode observarse no número de créditos matriculados.

Como consecuencia do anterior, a recadación por prezos públicos en estudos oficiais tivo unhas variacións pouco significativas nos últimos cursos.

#### **Criterios contables:**

Aplícase a recadación efectiva realizada durante o ano e que non estaba computada como dereitos recoñecidos pendentes de cobro do exercicio anterior (2023).


Considéranse dereitos recoñecidos pendentes de cobro a 31/12/23 os seguintes:

- De acordo coa información proporcionada por XESCAPUS (aplicación informática para a xestión académica) os abonarés emitidos – descontadas as devolucións – da matrícula do curso 2023/2024 pendentes de cobro a 31/12/2023, por un importe de 1,43 millóns euros; aquí fundamentalmente recóllese os terceiros prazos que se liquidan en marzo de 2024.
- O importe pendente de compensación do Ministerio de Educación e Formación Profesional (MEFP) polas matrículas non satisfeitas de alumnos bolseiros e dos alumnos de familia numerosa de tres fillos ascende a 2,98 millóns euros. Este importe extráese do informe de liquidación de prezos da aplicación XESCAPUS con data 31/12/2023 Cómpre subliñar que, ao igual que en exercicios anteriores (desde 2013), non se cobra dentro do ano un anticipo a conta do MEFP polos alumnos bolseiros.

No conxunto dos prezos públicos (artigo 31) os dereitos recoñecidos desde o ano 2015 amosa unha tendencia descendente, se ben esta diminución se compensa no PGFU, importe que se recoñece no capítulo IV por importe de 2,1 millóns de euros, manténdose a contía no entorno de 20 millóns. A recadación por prezos públicos vese moi influída polo mantemento en xeral do prezo dos créditos desde 2010, a equiparación do prezo dos créditos de máster e grao, ademais do citado efecto conxuntural do descenso no número de segundas e posteriores matrículas .Porén os ingresos por prezos públicos continúan representando máis do 50% do capítulo III (18,19 millóns de prezos públicos fronte a 14,56 millóns no importe conxunto dos restante artigos do capítulo, agás facturación interna).

Exercicio	Prezos públicos (Art. 31)
2015	20.891.090,54
2016	20.828.968,39
2017	20.135.525,19
2018	19.800.581,83
2019	19.558.861,65
2020	17.733.597,76
2021	18.084.983,40
2022	18.752.369,10
2023	18.193.904,98

Cadro 12



## Observacións:

Os ingresos de prezos pola matriculación nas probas de acceso á Universidade non están incluídos na liquidación do orzamento de ingresos da USC. Mediante un convenio entre as tres Universidades de Galicia, a liquidación dos gastos e ingresos das probas está encomendada ao consorcio CISUG onde se encadra a CIUG. Por esta razón figura no orzamento da Universidade só a parte que se tivo que achegar para cubrir a diferencia entre os ingresos e os gastos que figura no capítulo IV de gastos na USC.

Inclúese na liquidación dos prezos públicos a matrícula na USC do seu persoal e familiares, financiada a través da partida de acción social.

## ARTIGO 32. PRESTACIÓN DE SERVIZOS

O contido deste artigo pode agruparse nas seguintes tipoloxías:

- contratos e convenios para o financiamento de actividades de investigación: reduciuse un 4,76%, situándose en 8,39 millóns de euros (8,81 millóns en 2022). Os ingresos por atencións clínicas en Odontoloxía, Óptica e outros servizos, acadaron un total de 830 mil euros (821 mil en 2022).
- dereitos de aloxamento no Servizo Universitario de Residencias acadaron o importe de 3,29 millóns de euros (2,33 millóns en 2022), nas que os prezos se mantiveron constantes. O incremento deriva de que a ocupación foi de case o 100% cando no curso 21/22 a ocupación foi bastante inferior tanto por estudiantes como por invitados. Compútanse como ingresos en formalización as maiores cotas que pagan os alumnos bolseiros compensadas coa bolsa de comedor que perciben.
- dereitos de inscrición en congresos e de matrícula noutros estudos presentan unha redución, ascenderon a 223 mil euros fronte aos 544 mil de 2022. En extensión universitaria (deportes e actividades culturais) prodúcese un incremento importante, os ingresos ascenderon a 528 mil euros (463 mil en 2022). Os dereitos pola utilización da Escola Infantil Breogán foron de 106,26 mil euros (67,19 mil en 2022) neste importe inclúense, tanto os ingresos procedentes do convenio que garante a gratuidade da matrícula, como aqueles correspondentes a servizos adicionais prestados ao alumnado.
- resto dos ingresos por prestación de servizos: acadaron 411 mil euros (365 mil en 2022).

## ARTIGO 33. VENDA DE BENS

Neste artigo destaca a venda de enerxía eléctrica, os ingresos acadaron 81,66 mil euros (204 mil en 2022). Esta menor contía deriva da redución da coixeración e das incidencias na facturación que retrasaron a facturación.

## ARTIGO 34. FACTURACIÓN INTERNA

Desde o ano 1996 a facturación que se realiza internamente na USC –os denominados cargos internos– trátanse en contabilidade como ingreso no centro emisor (centro que presta o servizo ou subministra as mercancías) e como pagamento no centro receptor (partida orzamentaria que soporta o gasto). Como consecuencia disto, o orzamento de ingresos, e correlativamente o de gastos, vense incrementados polo volume anual destas operacións, que representaron en total 1,56 millóns de euros (995 mil euros en 2022). Estas operacións non orixinan movementos de fondos de tesourería, posto que se realizan en “formalización” (sen saída material de fondos).

Contabilízase e abóase extraorzamentariamente e posteriormente efectúanse os cargos internos contra as partidas do orzamento que deben soportalos, de tal xeito que se cancela a operación non orzamentaria.

*Informe de xestión 2023*

---

## CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES

Os dereitos recoñecidos por transferencias correntes (158,28 millóns) superaron en conxunto as previsións iniciais (150,62 millóns), destacando o incremento derivado da compensación recibida a través do PGFU pola aprobación na normativa básica dun incremento retributivo para o persoal do sector público con efectos do 1 de xaneiro de 2023.

No cadro seguinte detállanse por artigo orzamentario os dereitos recoñecidos comparándooos cos dos catro exercicios previos.

Art .	Artigo orzamentario	Dereitos recoñecidos 2019	Dereitos recoñecidos 2020	Dereitos recoñecidos 2021	Dereitos recoñecidos 2022	Dereitos recoñecidos 2023
40	Administración do Estado	366.666,65	7.986,00	0,00	7.443,18	819.685,82
41	Organismos Autonómicos administrativos	2.466.890,68	1.894.407,08	1.016.430,40	2.724.921,80	2.773.451,80
43	Organismos públicos autonómicos				77.126,96	231.462,35
44	Outros entes públicos	54.910,67	37.858,00	589.260,35	47.111,50	32.221,51
45	Comunidades Autonómicas	138.964.692,25	146.724.824,74	140.785.501,77	148.164.359,20	151.397.838,97
46	Corporacións locais	810.017,69	582.000,00	709.746,24	465.888,20	423.605,88
47	Empresas Privadas	2.046.700,00	1.646.387,42	1.926.400,00	1.755.295,28	2.204.925,00
48	Familias e inst.sen fins lucro	197.503,00	210.614,23	192.215,45	288.623,47	313.127,91
49	Exterior	220.778,49	33.166,01	27.476,10	30.000,27	88.623,93
<b>TOTAL CAPÍTULO IV</b>		<b>145.128.159,43</b>	<b>151.137.243,48</b>	<b>145.247.030,31</b>	<b>153.560.769,86</b>	<b>158.284.943,17</b>

Cadro 13

No cadro seguinte agrúpanse os datos anteriores en función da procedencia dos fondos, visualizándose o peso da financiación procedente da Comunidade Autónoma:

Agrupación artigos	Importe	%
Comunidade Autónoma	151.629.301,32	95,80%
Outros	6.655.641,85	4,20%
<b>TOTAL</b>	<b>158.284.943,17</b>	<b>100,00%</b>

Cadro 14

O exercicio 2023 foi o segundo de vixencia do Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026 (PGFU), asinado en decembro de 2021. Este plan estrutura o financiamento autonómico que reciben as universidades en seis subfondos de financiamento non condicionado e un subfondo de financiamento da investigación.

No seguinte cadro detállanse as partidas de transferencias correntes que corresponden ao PGFU. Cómpre sinalar un incremento do importe do custo estándar en relación ao previsto inicialmente nos orzamentos do ano 2023, por mor da compensación do incremento de gastos de persoal derivado da aprobación do incremento retributivo para o persoal dun 0,5% con efectos do 1 de xaneiro de 2023. Menciónanse tamén as transferencias do SERGAS para cubrir o custo das prazas vinculadas:

## Informe de xestión 2023

Partida de ingresos	Dereitos recoñecidos	Dereitos cobrados en 2023	Dereitos pendentes de cobro a 31/12/2023
<b>Partida PGFU (transferencias correntes)</b>			
45501 PGFU. Financiamento non condicionado. Custe estándar	109.872.331,60	109.872.331,60	-
45502 PGFU. Consello Social	200.000,00	200.000,00	-
45503 PGFU. Panel de indicadores. Ingresos correntes	13.253.833,41	13.253.833,41	-
45503 PGFU. Sexenios, complementos retributivos autonómicos e compensación matrículas	8.354.721,24	8.354.721,24	
45520 PGFU. Gasto corrente e mantemento infraestruturas	9.564.102,99	9.564.102,99	-
45521 PGFU. Complementos retributivos estatais sexenios	6.008.557,00	6.008.557,00	
<b>Outras transferencias (correntes) autonómicas</b>			
45540 SERGAS. Custe estándar.Prazas vinculadas	3.463.440,34	3.463.440,34	-

Cadro 15

## CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS

Este capítulo recolle as partidas de ingresos derivados da rendibilidade do patrimonio da Universidade, que proveñen principalmente dos ingresos por cesión de espazos.

Artigo orzamentario		Dereitos recoñecidos 2019	Dereitos recoñecidos 2020	Dereitos recoñecidos 2021	Dereitos recoñecidos 2022	Dereitos recoñecidos 2023
52	Xuros de contas bancarias	1.416,30	91,69	-		219.772,94
54	Productos de inmobilés	441.185,75	250.022,14	215.293,94	371.104,67	354.409,07
55	Concesións administrativas	175.442,19	40.549,98	155.691,87	153.472,23	148.962,16
59	Outros ingresos patrimoniais	2.151,68	57.336,99	34.348,92	348.836,30	480,00
<b>TOTAL CAPÍTULO V</b>		<b>620.195,92</b>	<b>348.000,80</b>	<b>405.334,73</b>	<b>873.413,20</b>	<b>723.624,17</b>

Cadro 16

Cómpre resaltar o incremento por xuros de contas bancarias, derivado dos depósitos realizados por mor da existencia puntual de remanentes de tesouraría e a minoración de outros ingresos patrimoniais que derivan principalmente do ingreso no ano 2022 dos xuros de mora pola devolución neste exercicio do importe do IVE correspondente ao exercicio 2014.

## CAPÍTULO VI. ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS

En data 19 de xuño de 2023, realizouse o cobro pendente por importe de 179.341,50 euros, referida á venda da parcela de Galeras e a formalización da compravenda. Non se realizou ningunha outra venda de investimentos reais.

## CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

Os dereitos liquidados por transferencias de capital presentan un incremento en relación aos do ejercicio precedente, sendo a variación do 20,89%. En xeral, as transferencias recibidas neste capítulo corresponden na súa práctica totalidade a subvencións finalistas e outro tipo de axudas para actividades de I+D+i.

No cadro seguinte recóllense os dereitos recoñecidos neste capítulo a nivel de artigo orzamentario e efectúase a comparación cos catro exercicios anteriores:

Artigo orzamentario		Dereitos recoñecidos 2019	Dereitos recoñecidos 2020	Dereitos recoñecidos 2021	Dereitos recoñecidos 2022	Dereitos recoñecidos 2023
70	Administración do Estado	2.570.319,76	3.166.503,43	7.714.757,57	5.208.400,43	7.766.984,01
71	Organismos autonómicos administrativos	9.182.968,82	418.434,79	791.646,10	505.522,33	7.315.946,36
72	Seguridade Social e FIS	261.176,30	-			
73	Axencias estatais e outros organismos públicos	-	7.089.248,54	16.334.223,87	15.873.690,88	14.494.710,64
74	Empresas Públicas e outros entes	73.218,50	102.218,50	95.594,74	464.969,87	937.692,69
75	Comunidades Autónomas	40.486.188,03	40.870.686,88	53.069.527,39	55.935.938,65	58.592.601,58
76	Corporacións locais	344.680,27	51.124,74	309.539,28	211.217,82	931.861,80
77	Empresas privadas	-	257.815,00	-		
78	Familias e institucións sen fins de lucro	1.029.790,85	3.091.325,93	1.704.988,87	3.009.439,90	1.881.700,87
79	Outras transferencias do exterior	12.046.092,43	7.499.312,77	11.750.343,75	8.698.802,49	16.768.707,88
<b>TOTAL CAPÍTULO VII</b>		<b>65.994.434,96</b>	<b>62.546.670,58</b>	<b>91.770.621,57</b>	<b>89.907.982,37</b>	<b>108.690.205,83</b>

Cadro 17

No ano 2023, cómpre destacar no artigo 70 a achega do Ministerio de Sanidade para o financiamento do incremento das prazas de grao de Medicina.

Tamén hai que considerar que os fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) están contabilizados no capítulo IX.

Como xa se indicou a parte correspondente a gasto executado no ano 2023 cando os ingresos foron recibidos en anos anteriores e contabilizados no capítulo IX de ingresos están contabilizados en formalización no capítulo VII (sendo o importe de 5,3 millóns).

Por este motivo, para unha visión comparativa os fondos que se reciben a través do capítulo VII deben considerarse de forma conjunta co financiamento recollido no capítulo IX.

	Dereitos recoñecidos 2019	Dereitos recoñecidos 2020	Dereitos recoñecidos 2021	Dereitos recoñecidos 2022	Dereitos recoñecidos 2023
<b>TOTAL CAPÍTULO VII</b>	<b>65.994.434,96</b>	<b>62.546.670,58</b>	<b>91.770.621,57</b>	<b>89.907.982,37</b>	<b>108.690.205,83</b>
<b>TOTAL CAPÍTULO IX</b>	<b>5.018.420,98</b>	<b>309.903,46</b>	<b>2.061,60</b>	<b>11.830.617,36</b>	<b>21.002.329,91</b>
<b>TOTAL CAPÍTULO VII+IX</b>	<b>71.012.855,94</b>	<b>62.856.574,04</b>	<b>91.772.683,17</b>	<b>101.738.599,73</b>	<b>129.692.535,74</b>

Cómpre destacar que a capacidade de captación de fondos para I+D+i por parte dos investigadores e grupos de investigación da USC, tanto públicos como privados, mantén unha tendencia alcista nos últimos exercicios, no ano 2021 e 2022 experimentou un

aumento substancial e novamente no ano 2023, neste caso fundamentalmente por proxectos vinculados aos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Neste capítulo VII, debemos destacar os fondos procedentes do PGFU, que se recollen neste cadro agrupados polos tres subfondos do plan:

Partida de ingresos		Dereitos recoñecidos	Dereitos cobrados	Dereitos pendentes de cobro a 31/12/2023
75501	PGFU. Panel de indicadores (cap VII)	13.827.052,02	13.827.052,02	-
75502	PGFU. Mantemento de infraestruturas	3.780.601,90	3.780.601,90	-
75560	PGFU. Transferencias para I+D+I	27.240.804,20	4.204.564,29	23.036.239,91
75560	PGFU. Plan de estabilidade financeira, eficienci	4.983.010,67	4.983.010,67	-

Cadro 18

Inclúense tamén, dado que forman parte do PGFU, os fondos captados en convocatorias competitivas para actividades e proxectos de I+D. Nesta partida salientamos o volume de dereitos pendentes de cobro a final de exercicio derivado de que as datas de xustificación están establecidas principalmente a finais de ano.

## CAPÍTULO VIII. VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCIEROS

Este capítulo comprende os créditos non obligados a 31/12/2022 incorporados ao orzamento de 2023, proveñen de dereitos liquidados en anos anteriores e non xeran ingresos efectivos no exercicio 2023.

No seguinte cadro infórmase dos capítulos de gasto no que se incorpora o remanente.

Capítulo de gastos	Créditos incorporados ao exercicio 2019	Créditos incorporados ao exercicio 2020	Créditos incorporados ao exercicio 2021	Créditos incorporados ao exercicio 2022	Créditos incorporados ao exercicio 2023
II. Gastos en ben correntes e servizos	1.977.157,39	2.127.376,39	3.619.503,89	3.040.683,06	3.553.138,00
IV. Transferencias correntes	1.146.543,71	1.426.318,39	2.435.370,79	1.429.120,94	423.458,36
VI. Investimentos reais	29.228.973,59	32.405.480,53	36.561.255,39	41.810.158,73	53.511.233,21
<b>TOTAIS</b>	<b>32.352.674,69</b>	<b>35.959.175,31</b>	<b>42.616.130,07</b>	<b>46.279.962,73</b>	<b>57.487.829,57</b>

Cadro 19

Na Memoria económica dáse unha explicación máis detallada destas operacións.

## **CAPÍTULO IX. VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCIEROS**

Neste capítulo recóllese os anticipos concedidos a conta de fondos FEDER ou FSE pola Axencia Estatal de Investigación, para o financiamento de proxectos de I+D+i, programas de incorporación de recursos humanos e infraestruturas de investigación, logo da resolución das respectivas convocatorias competitivas.

Dado que son anticipos recibidos, e en tanto non se cancelan, as cantidades recibidas por estes conceptos incrementan a débeda da USC, no ano 2023 recibíronse anticipos Feder por importe de 3,91 millóns.

Porén, como xa se sinalou, no ano 2023 contabilízanse no capítulo IX os fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) por importe de 17 millóns, que se perciben na súa totalidade no exercicio 2023 pero a súa execución se realiza en varios exercicios.

Variación de pasivos financeiros	Exercicio 2019	Exercicio 2020	Exercicio 2021	Exercicio 2022	Exercicio 2023
Previsións iniciais	5.847.000,00	5.530.000,00	2.730.000,00	-	1.984.776,81
Dereitos recoñecidos	5.018.420,98	309.903,46	2.061,60	11.830.617,36	21.002.329,91

Cadro 20

### **3. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS**

### **3. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS**

No presente apartado analizaremos a execución do orzamento de gastos desde un punto de vista global, incluíndo información da evolución nos últimos exercicios.

Posteriormente examinaranse os gastos a un nivel de maior detalle, analizando a composición de cada un dos capítulos da clasificación económica.

Tamén incluímos neste apartado información da execución de gastos e ingresos do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia, referidos a Comisión Interuniversitaria do SUG no ano 2023.

*Informe de xestión 2023*

---

Execución global do orzamento de gastos no exercicio 2023, por capítulo:

<b>Capítulo</b>	<b>Orzamento inicial</b>	<b>Orzamento definitivo</b>	<b>Obrigas contraídas</b>	<b>Pagamentos</b>	<b>Pendente pagamento a 31/12/2023</b>
I.Gastos de Persoal	169.167.247,00	172.904.383,50	172.904.119,60	170.969.642,49	1.934.477,11
II.Gastos en bens correntes e servizos	32.238.744,00	34.938.615,45	30.539.935,72	27.967.667,69	2.572.268,03
III.Gastos Financeiros	795.000,00	763.277,91	763.277,91	687.029,37	76.248,54
IV. Transferencias correntes	4.299.625,00	6.558.512,51	4.926.323,42	4.904.970,76	21.352,66
<b>GASTOS CORRENTES</b>	<b>206.500.616,00</b>	<b>215.164.789,37</b>	<b>209.133.656,65</b>	<b>204.529.310,31</b>	<b>4.604.346,34</b>
V. Fondo de continxencia e imprevistos	750.000,00	-	0,00	0,00	0,00
VI. Investimentos Reais	78.014.983,00	168.197.351,43	84.701.906,80	81.449.097,30	3.252.809,50
VII. Transferencias de Capital	0,00		0,00	0,00	0,00
<b>GASTOS DE CAPITAL</b>	<b>78.764.983,00</b>	<b>168.197.351,43</b>	<b>84.701.906,80</b>	<b>81.449.097,30</b>	<b>3.252.809,50</b>
<b>GASTOS NON FINANCEIROS</b>	<b>285.265.599,00</b>	<b>383.362.140,80</b>	<b>293.835.563,45</b>	<b>285.978.407,61</b>	<b>7.857.155,84</b>
VIII. Variación de Activos Financeiros	0,00	194.122,00	194.122,00	194.122,00	-
IX. Variación de Pasivos Financeiros	2.625.000,00	8.218.933,16	8.218.933,16	7.770.640,31	448.292,85
<b>GASTOS FINANCEIROS</b>	<b>2.625.000,00</b>	<b>8.413.055,16</b>	<b>8.413.055,16</b>	<b>7.964.762,31</b>	<b>448.292,85</b>
<b>TOTAIS</b>	<b>287.890.599,00</b>	<b>391.775.195,96</b>	<b>302.248.618,61</b>	<b>293.943.169,92</b>	<b>8.305.448,69</b>

Cadro 21

*Informe de xestión 2023*

---

Obrigas contraídas por capítulo comparando os últimos catro exercicios:

<b>Capítulo</b>	<b>2019</b>	<b>2020</b>	<b>2021</b>	<b>2022</b>	<b>2023</b>
I.Gastos de Persoal	149.460.231,32	152.796.846,87	156.721.907,82	162.952.242,39	172.904.119,60
II.Gastos en bens correntes e servizos	30.570.052,57	28.096.790,82	27.351.443,86	28.692.155,14	30.539.935,72
III.Gastos Financeiros	416.537,59	495.635,40	352.935,37	577.603,27	763.277,91
IV. Transferencias correntes	3.657.190,80	2.699.579,52	4.050.432,97	4.324.563,39	4.926.323,42
V. Fondo de imprevistos	-	-	-		
<b>GASTOS CORRENTES</b>	<b>184.104.012,28</b>	<b>184.088.852,61</b>	<b>188.476.720,02</b>	<b>196.546.564,19</b>	<b>209.133.656,65</b>
VI. Investimentos reais	63.702.073,97	60.278.432,41	79.410.586,22	78.633.232,99	84.701.906,80
VII. Transferencias de capital	-	-	-		
<b>GASTOS DE CAPITAL</b>	<b>63.702.073,97</b>	<b>60.278.432,41</b>	<b>79.410.586,22</b>	<b>78.633.232,99</b>	<b>84.701.906,80</b>
<b>GASTOS NON FINANCEIROS</b>	<b>247.806.086,25</b>	<b>244.367.285,02</b>	<b>267.887.306,24</b>	<b>275.179.797,18</b>	<b>293.835.563,45</b>
VIII. Variación de activos financeiros	-	-	-	861.064,00	194.122,00
IX. Variación de pasivos financeiros	2.827.744,58	4.003.939,43	3.164.253,86	3.052.671,08	8.218.933,16
<b>GASTOS FINANCIEROS</b>	<b>2.827.744,58</b>	<b>4.003.939,43</b>	<b>3.164.253,86</b>	<b>3.913.735,08</b>	<b>8.413.055,16</b>
<b>TOTAIS</b>	<b>250.633.830,83</b>	<b>248.371.224,45</b>	<b>271.051.560,10</b>	<b>279.093.532,26</b>	<b>302.248.618,61</b>

Cadro 22

## GASTOS SEGUNDO A CLASIFICACIÓN FUNCIONAL

A actual clasificación funcional do orzamento de gastos pretende recoller os gastos polos grupos de función das distintas actividades da USC.

A diferenciación a través da clasificación funcional e da económica dos gastos permite, que os gastos teñan un tratamento fiscal diferenciado na dedución de IVE, en función do “sector económico” no que se encadren. Así, como criterio xeral teñen dedución do 100% todas as partidas de investigación; non teñen dedución ningunha as dos grupos de docencia, e por último deducen IVE na porcentaxe da prorrata anual que corresponda todas as demais.

No seguinte cadro agrúpanse os gastos segundo a clasificación funcional como segue:

- Na epígrafe, “Servizos comúns á docencia e á investigación” (inclúe grupos de función 3 e 8), está incluído integralmente o capítulo I de gastos de persoal e, por esa razón, concentra o 71,2% do gasto (72,07% o ano anterior).
- Na epígrafe “Docencia” (inclúe grupos 1 e 6, así como os grupos E, F e M), están incluídos os créditos dos estudos oficiais e propios.
- Na epígrafe “Investigación”,(inclúe grupos 2, 7 e todos os demais cun díxito [A-Z] excluídos E,F e M), inclúense os proxectos, contratos, convenios, infraestruturas e outras actividades de investigación.
- Na epígrafe “ Asistencia, extensión e promoción comunidade universitaria”, (inclúe grupos 4 e 9) inclúense os créditos e gastos de actividades de extensión universitaria en xeral.
- Na epígrafe “Gastos e pasivos financeiros” (inclúe o grupo 5) contén os créditos para gastos financeiros e fondo de continxencia.

Grupo de función	Orzamento inicial	Orzamento definitivo	Gastos autorizados	Obrigas contraídas
Docencia	1.363.150,00	6.300.877,39	5.469.746,24	2.214.927,01
Servizos comúns á docencia e á investigación	220.619.639,00	226.567.309,00	215.078.495,08	215.203.926,97
Investigación	60.700.710,00	146.859.941,29	77.606.136,89	76.700.286,53
Asistencia, extensión e promoción comunidade universitaria	1.037.100,00	8.370.643,31	5.392.870,74	4.453.053,13
Gastos e pasivos financeiros	4.170.000,00	3.676.424,97	3.676.424,97	3.676.424,97
<b>TOTAIS</b>	<b>287.890.599,00</b>	<b>391.775.195,96</b>	<b>307.223.673,92</b>	<b>302.248.618,61</b>

Cadro 23

Nos seguintes apartados achéganse datos dos gastos de cada capítulo por artigo orzamentario.

## CAPÍTULO I. GASTOS DE PERSOAL

A porcentaxe de execución do capítulo I, “Gastos de persoal” foi superior ao orzamento inicial por mor de incremento adicional das retribucións do sector público do 0,5%, polas cuotas da seguridade social (introdución do MEI e alza dos topes máximos) e pola estimación excesiva no número de xubilacións do persoal PDI previstas no momento de elaboración dos orzamentos.

Cómpre sinalar, que ao igual que nos últimos exercicios, a USC non superou o límite de masa salarial establecido na Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, fixado en 175,16.

A execución por artigos indícase na táboa seguinte:

Artigo orzamentario		Orzamento inicial	Orzamento definitivo	Obrigas contraídas
10	Altos cargos e persoal directivo	979.200,00	979.200,00	699.069,92
11	Persoal eventual	157.200,00	157.200,00	174.742,31
12	Persoal funcionario	98.114.247,00	100.448.800,66	100.120.419,64
13	Persoal laboral	44.937.000,00	44.253.767,09	45.674.694,09
14	Persoal emérito	58.400,00	61.205,76	61.205,76
15	Incentivos ao rendemento	15.400,00	113.246,83	113.246,83
16	Cotas e gastos sociais	24.905.800,00	26.890.963,16	26.060.741,05
<b>TOTAIS</b>		<b>169.167.247,00</b>	<b>172.904.383,50</b>	<b>172.904.119,60</b>

Cadro 24

O artigo 16, ademais dos custos da cota patronal da Seguridade Social, comprende tamén os créditos destinados a acción social, que se executaron nos conceptos seguintes:

Concepto	Obrigas contraídas
Seguridade Social (cota patronal)	25.219.756,13
Axudas de matrícula	342.105,85
Axudas escolarización infantil, Campus de Lugo	122,00
Seguros do persoal	85.162,53
PAS -Plan Pensións	242.468,35
Formación de PAS	94.808,59
Programa de intercambio de PAS	76.317,60
<b>TOTAL ARTIGO 16</b>	<b>26.060.741,05</b>

Cadro 25

## Informe de xestión 2023

No cadro seguinte vese a estrutura dos gastos segundo o tipo de persoal PDI (docente e investigador) e PAS (administración e servizos).

<b>Tipo de persoal e vinculación</b>	<b>Retribucións brutas</b>	<b>% sobre total retribucións</b>	<b>Seguridade e accións social</b>	<b>Total gastos de persoal</b>	<b>% sobre gastos de persoal</b>
PDI funcionario	78.689.402,11				
Profesorado emérito	61.205,76				
PDI laboral	25.493.729,66				
<b>SUBTOTAL PDI</b>	<b>104.244.337,54</b>	<b>69,11%</b>	<b>10.572.134,54</b>	<b>114.816.472,08</b>	<b>66,40%</b>
PAS funcionario	24.290.870,82				
PAS laboral	21.434.760,38				
PAS eventual	171.978,03				
